




**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE FINAL**  
**4 xuño 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 1**

**Facendo unha morea ben feita**

Apilei caixas cúbicas no centro dunha sala, pero esquecínme de contalas. Fíxate atentamente na figura e dime cantas teño apiladas. Para completar un paralelepípedo coa base que temos, ¿cantas caixas máis vou precisar?





**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE FINAL**  
**4 xuño 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 2**

**Fotocopias e máis fotocopias**

Nunha copistería teñen a seguinte relación de prezos segundo as fotocopias que se fagan:

- 0,10 € cada unha, cando se piden menos de 100 fotocopias
- 0,07 € cada unha, cando se piden entre 100 e 199 fotocopias, e
- 0,05 € cada unha, cando se piden 200 fotocopias ou máis.

Esta mañá, entraron 4 clientes que pagaron, en total 45 €.

O primeiro pediu 65 fotocopias, o segundo pediu o dobre que o primeiro e o terceiro pediu o dobre que o segundo.

¿Cantas fotocopias fixo o cuarto cliente?



## IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE FINAL

4 xuño 2004

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

### ACTIVIDADE Nº 3

#### Un accidente sen feridos

Pepe da Xesta ten unha camioneta coa que distribúe polo seu concello paquetes e mercancía diversa desde o Polígono de Sabón (Arteixo). Un día cando ía camiño de Caión, estrada estreita e con moitas curvas, desprendéronse as etiquetas de varias caixas, de tal xeito que as ten que volver a poñer no paquete correspondente. Tenta axudarlle.

As etiquetas que se lle soltaron son as seguintes:

Sra. Martís

0,30

6,25 kg

0,52 m

Xiada, S.L.

Sr. Muíño

625 g

Unha xoia

Libros

8,2

Aceiros Xeixeda, S. A.

82 cm

6,25

Pezas de chumbo

62,5 kg

Tapóns de plástico

Pero Pepe lémbra-se dos seguintes datos que poden ser unha boa axuda:

- O paquete que mide 5 dm e 2 cm ten libros.
- Os tapóns son para Xiada, S. L.
- Aceiros Xeixeda, S. A. agarda pezas de chumbo que pesan 62 kg e 500 g.
- A xoia pesa 625 cg, e os tapóns pesan 6 hg 2 dag e 5 g.
- O Sr. Muíño agarda un paquete de libros que pesa entre 5 e 7 kg.
- As pezas de chumbo veñen no paquete máis longo.
- A xoia da Sra. Martís vén nun paquetiño de 8 cm e 2 mm de longo.

Procura organizarte ben se queres serlle de axuda a Pepe. Moita sorte.



**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE FINAL**  
**4 xuño 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 4**

**Un libro gordo**

Maruxa traballa nunha editorial de Santiago. Esta semana estivo preparando a edición dun libro enorme sobre a historia do Camiño de Santiago ... ¡2 004 páxinas ...! Ela, moi meticulosa co seu traballo, comprobou que todas as páxinas estaban ben numeradas. Non había ningún erro. ¡Eran exactamente 2 004 páxinas!

¿Poderías dicir cantas veces aparece a cifra 6 nos números da paxinación do libro?



## IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE FINAL

4 xuño 2004

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

## ACTIVIDADE Nº 5

**Puntos, tramas e polígonos**

Nun taboleiro de  $3 \times 3$  (trama de  $3 \times 3$ ) debuxa todos os polígonos diferentes que poidas.





¿Cal é o maior número de lados que se pode obter nun polígono construído na trama de  $3 \times 3$ ?







**Observacións:**







1ª. Constrúe un só polígono en cada trama de  $3 \times 3$ . Para iso utiliza as tramas que aparecen na páxina seguinte.

2ª. Consideramos que este polígono que está feito nunha trama de  $4 \times 4$  é o mesmo, aínda que en posicións distintas. Tentamos que che sirva de exemplo para os que ti fagas na trama de  $3 \times 3$ .

Polo tanto, non se poden poñer máis ca unha vez aqueles polígonos que teñen a mesma forma e as mesmas medidas, aínda que estean en distinta posición na trama.










**IV REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE FINAL**  
**4 xuño 2004**

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

**ACTIVIDADE Nº 6**

**Os números que faltan ... ¿cales son?**

9	9	9	?	?
?	9	?	0	17
8	?	?	?	16
?	?	3	8	15
19	20	21	22	82



¿Que números hai que poñer nos cadrados baleiros para se cumpran todas as sumas finais?